



## I PREMIO ARESA

Boas tardes. Moitas gracias a todos vostedes pola súa presenza. Transmito tamén a miña gratitude á Universidade e ós membros do xurado pola súa valiosa aportación a este premio. Gracias tamén ós colaboradores de ARESA da provincia, e ós meus amigos, ás autoridades, e moi especialmente a don Manuel Fraga por presidir este acto.

Tamén, a miña felicitación a **Novafrigsa**, a compañía distinguida co “**Premio Aresa**”. Creo que non só reúne as condicións precisas para obte-lo, se non que encaixa perfectamente cos principios que me inspiraron esta iniciativa. Novafrigsa acumula tódalas condicións de innovación e garantías sanitarias nos seus procesos, contribuíndo con iso á promoción dun produto moi noso que desgraciadamente non pasa polo seu mellor momento. Pertence, ademais, a un grupo modélico no impulso da economía rural galega.

Aresa, a compañía que promove este premio, foi fundada en Lugo en 1971 para comercializar fertilizantes, cereais e outros produtos agrícolas. Cinco anos despois da constitución de Aresa, conxuntamente con outros empresarios, creamos a *Sociedad Agrícola Gallega, Soaga*, para distribuí-los mesmos produtos no resto de Galicia. Ó mesmo tempo que fundador, teño a honra de se-lo presidente do Consello de Administración de ámbalas dúas empresas.

Posteriormente, tomamos participación maioritaria en diversas compañías do sector, e así, tres décadas despois do comezo, o noso

grupo empresarial estende as súas actividades comerciais desde Cantabria, pasando por Asturias e Galicia, ata o sur de Portugal. Emprega a máis de duascenas persoas e o seu volume de vendas acadou os 14.000 millóns de pesetas no último ano.

É natural, polo tanto, a nosa preocupación pola economía rural, polas persoas que viven da agricultura e da gandería. Coa creación deste premio, ARESA pretende incentivar a modernización do sector agro-gandeiro, mediante a iniciativa empresarial, a investigación científica e o apoio das administracións públicas.

Quixera facer un inciso para anunciar que en datas próximas procederemos a prorrogalo convenio coa Universidade, asinado o pasado ano para a creación do premio, convocando á súa vez a segunda edición.

Chegados a este intre, permítanme aproveitar esta ocasión para expresar brevemente o meu punto de vista como galego e como empresario sobre os problemas e algunhas posibles solucións acerca da economía rural.

Vivimos nunha economía globalizada, nun mercado extenso, liberalizado e turbulento, de xeito que agora non competimos cos nosos veciños do pobo do lado, senón cos nosos veciños de Europa. Isto obríganos a transformar o vello concepto de agricultor e gandeiro que tiña só o propósito de producir, polo de empresario agrícola, que ten que competir en cantidade, calidade e custos con países que ata hai pouco considerabamos inalcanzables modelos de eficacia. E para completar este proceso temos moi pouco tempo.

Non debemos esquecer, ademais, que os nosos principais produtos, o leite e a carne, son excedentarios na Unión Europea, polo que

temos que afondar na busca de cultivos alternativos. A receita para conseguila mellora da capacidade produtiva que propugnamos ten tres ingredientes: Economía de escala, capitalización e factor humano.

Por economía de escala refírome a que necesitamos aumenta-lo tamaño das explotacións ata acada-lo mínimo de eficiencia, porque co minifundismo resulta imposible competir en Europa.

En canto á capitalización: é necesario investir, pero a agricultura ten que obter beneficios para poder amortiza-los investimentos.

E cito en terceiro lugar o factor máis importante, o da produtividade: o factor humano. A capacidade dos homes do campo galego está demostrada, e vai máis alá de toda dúbida. Pero é absolutamente imprescindible que adquiran os medios para afrontar-los retos da sociedade do coñecemento, é dicir, teñen que recibir a mellor formación técnica e empresarial.

Conxugando correctamente os elementos anteriores, Galicia ten tódolos factores naturais para lograr unha avantaxe competitiva estable fronte a outros territorios. Este avance é de especial importancia para a provincia de Lugo, xa que o emprego agrario representa o 37,5% do total, cando no resto da comunidade autónoma é do 17% e a media de España redúcese ó 8%.

Sentadas estas bases, o empresario agrícola enfrontarase ó mesmo tipo de problemas que calquera outro empresario, é dicir: industrializa-la súa produción, diversificar e lograr produtividade.

Neste contexto cabe pedir ás administracións, ás universidades e ó sector agro-gandeiro que profundicen na tarefa que xa están

realizando, para conseguir un plano estratéxico que unifique os esforzos de todos para camiñar cara un futuro sostible.

E quixera rematar cunhas palabras do Padre Feijoo que creo que resumen a preocupación que acabo de transmitirilles a vostedes, e que din: “Si de Galicia falo é porque Galicia me doe”.

Moitas gracias